

OBRA DE RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ

X. Amancio Liñares Giraut

I. OS PRIMEIROS ANOS. ANTES DO TEMPO DO EXILIO (1907-1936)

LIBROS

- *Portugal a través de la obra dramática de Tirso de Molina*, Lugo, 1932 («52 páginas en cuarto mayor», reza no expediente de RML. ¿Imprenta Villamarín?).

COLABORACIÓNS EN REVISTAS E XORNAIS:

N' *A Nosa Terra* (A Coruña, Santiago, 1916–1936):

- «Leticia e Optimismo», 227 (25/7/1926), 19.
- «Glosando. O Congreso de Estudos Galegos», 228 (1/9/1926), 5.
- «Unha obra de colaboración», 251 (25/7/1928), 20–21).

En *Boletín de la Real Academia Gallega* (A Coruña):

«Fiestas del Municipio Compostelano por la victoria de Túnez (1539)», 15 (1928).

En *El Compostelano* (Santiago de Compostela, 1920–1946):

- «As supersticións do Día de Defuntos en Galiza» (2/11/1925).
- «La necesidad de una Residencia de Estudiantes en Santiago» (6/11/1925).
- «De hace 60 años. Un episodio estudiantil en Compostela» (7/11/1925).
- «O arquivo do antigo reino de Galiza» (2/12/1925).
- «Benzón para Galiza» (14/12/1925).

- «Na nacementa de Cristo» (24/12/1925).
- «Un novo libro de Juan Jesús González. Hacia una morfología de la vida gallega» (4/1/1926).
- «Lo que se publica. *Galicia voto en Cortes*, por Manuel Silva Ferreiro» (16/1/1926).
- «La Tuna Universitaria de Oviedo» (25/1/1926).
- «El homenaje de los escolares. Una lápida de trascendente significación» (13/2/1926).
- «Seminario de Estudos Galegos» (27/3/1926).
- «Evocación. La Semana Santa en Galicia en el siglo XVI» (2/4/1926).
- «Lo que se publica» (14/5/1926).
- «A rosa do amor» (18/6/1926).
- «Benvidos, irmáns» (21/6/1926).
- «O folk-lore na festa de San Xohan» (26/6/1926).
- «Hacia un Congreso de Estudos Gallegos» (6/8/1926).
- «No vieiro da nosa cultura. *A filla da patrona*, por Xuan Xesús González» (2/10/1926).

Unha mención específica merécea a súa serie «Lambizos», que tivo a estrea nas páxinas de *El Compostelano* o 2 de xaneiro de 1926, e chegou ata o 5 de marzo do mesmo ano. É unha sección en lingua galega, que sempre vai asinada por «Xan do Cotón». Nas nosas pescudas directas realizadas sobre as páxinas de *El Compostelano* contabilizamos 46 «Lambizos», breves artigos publicados nese período de dous meses, no inverno de 1926.

En **Nós** (Ourense, Pontevedra, A Coruña, Santiago, 1920–1935):

- «Conto», 21 (15/9/1925), 19.
- «O galo e o raposo», «O home, a cóbrega e o raposo» e «Romance», 24 (15/12/1925), 13-15.

- «Nota bibliográfica», 28 (15/4/1926), 6-7.
- «A vida na Bretaña», 33 (15/8/1926), 14-15.
- «Pobre de min e mais de outro» e «O zapateiro dos veladoiros», 33 (15/8/1926), 19-20.
- «Unha poesía inédita e autógrafa do noso Bardo», 36 (15/12/1926), p. 3.
- «Notas do folklore de Arbo (Pontevedra). Dúas prácticas ó tempo do nacemento», 42 (15/6/1927), 13.
- «A nosa etnografía», 45 (15/9/1927), 14-16.
- «Catro coplas catalanas referentes á Sant-Iago e á Galicia» e «O Xogo dos pelouros en Boiro», 54 (15/6/1928), 117-118.
- «De folk-lore. Veciñanzas de Ferrol. Desñazóns xeográficas en cantigas populares», 58 (15/10/1928), 188-190.
- «Cen alcumes populares», 60 (15/12/1928), 232-233.
- «O trasno» e «Conto», 63 (15/3/1929), 52.

En *Yunque*, (Lugo, 1931–1932).

- «Varias mentiras y una verdad», 2 (23/5/1931), 6.
- «Deseo», 4 (1/5/19, 32), 2.

En *Diário de Lisboa*

- «Lope de Vega e Portugal» (maio, 1934).

TRADUCIÓNS (de portugués a castelán):

- *San Pablo*, de J. Teixeira de Pascoães, Barcelona: Apolo, 1935. Leva prólogo de Miguel de Unamuno, censurado no franquismo: «San Pablo y abre España».
- Como traducións que presenta «manuscritas y a máquina» na súa Folla de Servizos do Instituto de Lugo (29/11/1932) están tamén, no epígrafe de traballos inéditos, *El pendiente de Ermelinda* («cuento de Teixeira de Queiroz traducido por

primera vez del portugués alcastellano lo mismo que las siguientes»), *Breve antología de poetas jóvenes. Provincia* (poemas de Ribeiro Couto) e *El hijo* (drama nun acto de Osorio de Oliveira).

Non tivemos ocasión de consultar o xornal vigués *El Pueblo Gallego*, nin outros diarios portugueses coma *O Século*, nos que seica o polígrafo boirense escribiu tamén colaboracións nos primeiros anos da década de 1930, ata o inicio da Guerra Civil española.

II. NOS ANOS DO EXILIO (1936-1971)

Coidamos que se enxergamos con atención a seguinte listaxe podemos decatarnos da importancia e da versatilidade do traballo desenvolvido por Ramón Martínez López cando estivo expatriado, no ámbito do ensino, tanto na investigación como na docencia. Ben pode inserirse nesta afirmación que temos recollido: «O ensaio científico foi o máis frecuentado polos desterrados en Norteamérica» (X. M. Maceira). As disciplinas da Filoloxía, a Literatura, o Dereito e a Historia áchanse ben presentes no conxunto das súas publicacións.

LIBROS

- *Concerning the Ownership of the Beds of Creeks in The Civil Law* (Sobre a propiedade das enseadas na Lei Civil). Austin (Texas), 1954.
- *Concerning The seashore and The alluvion in The Civil Law* (Relativo á costa e á enxurrada na Lei Civil). Austin (Texas), 1958.
- *Stylistics, Literary Criticism and Linguistics* (Estilística, Crítica Literaria e Lingüística). New York: Institute of Hispanic Studies, Columbia University, 1961.

- *General Estoria. Versión Gallega del siglo XIV. MS. O.I.L. del Escorial*. Edición, introducción lingüística, notas y vocabulario. Oviedo: Universidad, 1963.
- *Prosas y poesías olvidadas de Antonio Machado*. París: Centre de Recherches de L'Institut d'Études Hispaniques, 1964.
- *In Partibus Infidelium. Unamuno*. Unamuno Centennial Studies, University of Texas, 1966.

A Portrait of Valle Inclán (Un retrato de Valle Inclán). Austin: Valle Inclán Centennial Studies, 1969.

COLABORACIÓNS EN REVISTAS E XORNAIS

- «Alfonso Álvarez de Villasandino, poeta gallego del Cancionero de Baena», *Galicia*, Bos Aires, (xullo de 1940), 37-62.
- «Continental Solidarity» («Solidariedade Continental»), *Southwest Review*, (verán de 1944), 481-491.
- No *Columbia Dictionary of modern european literature (Diccionario Columbia de literatura moderna europea)*. New York: Columbia University Press, 1947. Publicou as voces Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Alfonso López Vieira, Joaquim Teixeira de Pascoães, Eduardo Pondal, Cesáreo Verde, Manuel da Silva Gaio, Antonio Correia de Oliveira e Augusto Gil (H. Smith Editor). Naquel *Parladoiro* radiofónico de 1985 indicaba que os incluíu grazas á invitación de Pedro Salinas. («Están ben traducidos ó inglés. Esgotouse moi pronto aquela edición do *Columbia Dictionary*; agora hai unha segunda, pero xa non me parece tan boa»).
- «Bibliografía Hispánica», *Inter-American Review of Bibliography (Revista Interamericana de Bibliografía)*, VII, 2 (abril-xuño, 1957).

- «Contemporary Spanish Literature» («Literatura Española Contemporánea»). En *The Catholic Encyclopedia* (A *enciclopedia católica*), sección novena, suplemento II, 1958.
- «La Universidad y el Derecho Hispánico», *Arts and Sciences* (*Artes e Ciencias*), The University of Texas, (maio, 1958).
- «Adiciones y rectificaciones al Diccionario Crítico-Etimológico de Corominas», *Boletín de Filología*, Instituto de Filología de la Universidad de Chile, (1959).
- «Tense dito de cotío», en *Cincuentenario de Nós (1920-1970)*, Tomo 11. A Coruña: Real Academia Galega, 1970, 44-45.

En Austin (Texas), tamén elaborou *Recuerdos de España* no ano 1960. Son un conxunto de tres discos, escritos e narrados por Ramón Martínez López, que conteñen nove narracións, «nas que pesan moito os recordos de Santiago e de Galicia», afirma cando alude a elas naquel *Parladoiro* da Radio Galega, en 1985. Publicados por Language Arts.

E cóstanos que figura entre os colaboradores da revista *Saudade* (“Verba Galega nas Américas”), publicada en México a partir de 1942, na que escribiron os nosos exiliados e emigrantes agrupados na Irmandade Galeguista mexicana.

A relación anterior abonda para comprendermos canta fondura e interese hai no seu labor investigador e creativo. E apuntamos outro dato relativo ás linguas: R. Martínez López publicou en galego, en castelán, en portugués, en inglés e mesmo ollamos algúns títulos en francés e en latín. Que ben cadra isto coas súas ideas de cosmopolitismo, universidade e universalidade.

Ademais, como catedrático, dirixiu varias Teses de Doutoramento nos Estados Unidos:

Edmund Ludwig King: *Gustavo Adolfo Bécquer: from painter to poet* (*Gustavo Adolfo Bécquer: de pintor a poeta*), 1949.

Online Clinkscales: *BécquerinMexico, Central América andtheCaribbeanCountries* (*Bécquer en México, Centroamérica e os Países Caribeños*), 1957.

TRADUCIÓNS (de inglés a castelán)

El castellano, hombre de llanura. La explotación agrícola de las área fronterizas de La Mancha y Extremadura durante la Edad Media, de C. J. Bishko, 1958.

La metrópoli en movimiento, de Sir Keith Hancock, 1958.

La tarea del historiador: el punto de vista de un historiador de los EE.UU., de Arthur P. Whitaker, 1958.

Estas dúas últimas traducións son relatorios do II Congreso Internacional de Historiadores dos Estados Unidos e México.

RECENSIONES

- Emilio González López, *Galicia, su alma y su cultura*, Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, 1954 (en *Nueva Revista de Filología Hispánica*, X, 1956, p. 87).
- Richard Beale Davis, *The Abbé Correa in America, 1812-1820. The contributions of the diplomat and natural philosopher to the foundations of our natural life*, Philadelphia, 1955 (*O Abbé Correa en América, 1812-1820. As contribucións do diplomático e filósofo natural ós fundamentos da nosa vida nacional*) (en *Hispanic American Historical Review*, agosto, 1958).
- Helena Percas, *La poesía femenina argentina (1810-1950)*. Madrid, Ediciones Cultura hispánica, 1958 (en *Hispanic American Historical Review*, agosto, 1959).
- Álvaro Lins e Aurelio Buarque de Hollanda, *Roteiro literário do Brasil e de Portugal. Antologia da lingua portuguesa. Vol. I, Portugueses, vol. II, Brasileiros*, Livraria José Olympio Ed., Rio

de Janeiro, 1956 (en *Hispanic American Historical Review*, agosto, 1959).

Outra faciana de don Ramón amósasenos no cultivo do xénero epistolar. Cabería citar moitos nomes de intelectuais europeos e americanos que mantiveron correspondencia con el: Américo Castro, Teixeira de Pascoães, Albornoz, Jorge Luis Borges, Luís Seoane, Castelao, Ramón Piñeiro, Filgueira Valverde, Paz Andrade, Luís Tobío, Emilio González López...

III. DESPOIS DO TEMPO DO EXILIO (1971-1989)

LIBROS

- *A literatura galega no exilio*. Ourense: Fundación Otero Pedrayo, 1987.

COLABORACIÓNS EN LIBROS, REVISTAS E XORNAIS

- «Nova ollada aos cancioneros», *Grial*, 34 (outubro-novembro-décembro de 1971), 385-391.
- «InPartibusInfidelium», *Comunidad*, México: Universidad Iberoamericana, 54 (1975).
- «Tres cartas do desterro», *Boletín da Real Academia Galega*, XXXII, 357 (1975), 73-77.
- «A sección de historia do Seminario de Estudos Galegos». En *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*. Sada: Edicións do Castro, 1978.
- «Otero Pedrayo, poeta: notas», *Dorna*, 4 (1982).
- «La literatura gallega en el exilio». En ABELLÁN, J.L. (dir.): *El exilio español de 1939. VI* (dedicado a Galicia, Euskadi e Catalunya). Madrid:Taurus, 1976-1978; 285-323.

- «Pregón pronunciado polo profesor D. Ramón Martínez López nas festas do apóstolo Sant-Yago do ano 1983». Santiago de Compostela: Imprenta La Ibérica, 1983.
- «Cotarelo, gran tutor». En *A presenza de Armando Cotarelo en Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1984; 21-36.
- «Mocedades galeguistas doutro tempo», *Olláparo*, Revista da Sociedade Cultural Chirlateira-Cedeira, (inverno, 1984).
- «Historia e causas dunha abstención», *La Voz de Galicia*, A Coruña, (20/11/1985).
- «Os cen anos de Castelao», *El Correo Gallego*, Santiago de Compostela, (30/1/1986).
- «A literatura galega no exilio». En *Castelao e Bóveda, Irmáns*. Vigo: *A Nosa Terra*, extra 5-6 (1986), 29-30.
- «Fugaz lembranza. Unha carta inédita» En *Castelao e Bóveda, Irmáns*. Vigo: *A Nosa Terra*, extra 5-6 (1986), 105.
- «Discurso de clausura do Ilmo. Sr. D. Ramón Martínez López, presidente da Fundación Castelao». En *Actas Congreso Castelao*. Santiago de Compostela: Universidade, 1989; 479-482.